



ASUNTO: Trámite de consultas previas na avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Cee

Promotor: Concello de Cee

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2022AAE2647

O día 14.01.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Cee no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do "Plan xeral de ordenación municipal do concello de Cee". Achega un documento inicial estratéxico e un borrador do planeamento.

Unha vez avaliada a documentación e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobouse o Regulamento que desenvolve a dita Lei do solo (RLSG).
- 2 A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia establece, entre outras cuestións, determinacións para a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental.
- 3 O artigo 46.1.b) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica os plans xerais de ordenación municipal.
- 4 A LSG establece tamén que, antes de emitir o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021).
- 5 Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo,

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 672
avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal
www.xunta.gal



polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública no portal web deste órgano ambiental por un **prazo de trinta días hábiles** o documento inicial estratéxico e o borrador o *Plan xeral de ordenación municipal do concello de Cee*.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto coas respostas ás consultas realizadas, e farase público no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2022